

3ª ADDENDA AO CONTRATO-PROGRAMA DE DATA 1 DE XANEIRO DE 2014 ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061, POLA QUE SE INCREMENTA O IMPORTE MÁXIMO ESTABLECIDO PARA O ANO 2019.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, **D. Antonio Fernández-Campa García-Bernardo**, xerente do Servizo Galego de Saúde, actuando en nome e representación deste, en uso das atribucións delegadas de conformidade co establecido no artigo 1, punto K) da Orde do 5 xullo de 2012 (DOG nº 139 do 20 de xullo), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde.

Doutra parte, **José Manuel Flores Arias**, con DNI 33.288.899 X, director da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 (en adiante FPUSG-061), actuando en nome e representación desta, segundo o Acordo do nomeamento provisorio de data 13 de novembro de 2018 do Conselleiro de Sanidade.

Ambas as partes recoñécense capacidade legal suficiente para formalizar o presente documento e para o efecto

EXPOÑEN:

1. O 1 de xaneiro de 2014 asinouse o contrato-programa entre o Servizo Galego de Saúde e a F.P.U.Sanitarias de Galicia-061 no que se establecen as bases da coordinación e prestación de servizos sanitarios urxentes por parte da Fundación, de conformidade cos criterios de planificación do Servizo Galego de Saúde e coas necesidades dos usuarios.
2. O 28 de decembro de 2018 asinouse o acordo de prórroga para o ano 2019 e para os efectos previstos na cláusula sexta do contrato-programa, o Servizo Galego de Saúde contribuirá no financiamento do servizo público sanitario xestionado pola Fundación nas condicións previstas no contrato-programa cunha achega
3. Trala aprobación e publicación da Lei 2/2019, do 9 de maio, pola que se concede un suplemento de crédito para o reforzo de actuacións prioritarias para o ano 2019,



aparece o financiamento do servizo público sanitario xestionado pola Fundación nas condicións previstas no contrato-programa cunha achega de 1.404.250,00 € na aplicación orzamentaria 5001 412A 44312.

4. De acordo co anterior, faise necesario incrementar o importe máximo previsto para o ano 2019 no citado contrato-programa.

Polo que ambas partes acordan subscribir a presente addenda con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira

Incrementar o importe establecido inicialmente para o financiamento da actividade a desenvolver pola FPUSG-061 durante o ano 2019 en 1.404.250 € euros con cargo a aplicación orzamentaria 5001 412A 443.12.

Segunda

Como consecuencia o importe máximo da actividade a realizar pola fundación para o ano 2019 será de 46.664.261,00 € na aplicación orzamentaria 5001 412A 44312.

Polo Servizo Galego de Saúde



Antonio Fernández-Campa García-Bernardo

Pola Fundación Pública Urgencias
Sanitarias de Galicia -061



José Manuel Flores Arias



